

1. Extraemos dúas cartas dunha baralla española. Calcula a probabilidade de obter:
 - a) 2 ases.
 - b) Ningún as.
 - c) Algún as.
 - d) Só un as.

2. Nunha bolsa hai 5 bólas numeradas do 1 o 5. ¿Cal é a probabilidade de que, ó sacar tres delas, as tres sexan impares?
 - a) Se as extraccións son con substitución.
 - b) Se as extraccións son sen substitución

3. Un exame tipo test consta de 10 preguntas, cada unha con catro respostas, das cales só unha é correcta. Se un alumno contesta ó chou:
 - a) ¿Cal é a probabilidade de que conteste ben 4 preguntas?
 - b) ¿E a de que conteste correctamente máis de 2 preguntas?
 - c) Calcula as probabilidades de que conteste mal todas as preguntas

4. O talle medio dos 200 alumnos dun centro escolar é de 165 cm e a desviación típica, 10 cm. Se os talles se distribúen normalmente, calcula a probabilidade de que un alumno elixido ó chou mida máis de 180 cm.
¿Cantos alumnos pode esperarse que midan máis de 180 cm?

5. Unha moeda lánzase 400 veces. Calcula a probabilidade de que o número de caras:
 - a) Sexa maior que 200.
 - b) Estea entre 180 y 220.